

3º ESO

ASIGNATURA/MÓDULO	Tecnoloxías	Cód.	
CURSO E GRUPO	3º ESO A, B, C e PDC		
PROFESOR/A (ES/AS)	D. Ángel Fernández Fernández (4 grupos)		
LIBRO DE TEXTO Data de Autorización	Editorial: Oxford Educación Autor: Jesús Moreno-Mª Victoria Salazar Nicolás - Araceli Sánchez Sánchez - Francisco Javier Sepúlveda Irala Data: 2.007		

Contribución da materia ao logro das competencias básicas

Contribución ao desenvolvemento da competencia de interacción no medio físico.

Principalmente mediante o coñecemento e a comprensión de obxectos, procesos, sistemas e ambientes tecnolóxicos, e a través do desenvolvemento de destrezas técnicas e habilidades para manipular obxectos con precisión e seguridade. A interacción cun contorno no que o tecnolóxico constitúe un elemento esencial, vese facilitada polo coñecemento e utilización do proceso de resolución técnica de problemas e a súa identificación para e dar resposta a necesidades, avaliando o proceso e os seus resultados.

É importante, por outra parte o desenvolvemento da capacidade e da disposición para lograr un contorno saludable e unha mellora da calidade de vida, mediante o coñecemento e a análise crítica de repercusión ambiental da actividade tecnolóxica e o fomento de actitudes responsables de consumo racional.

Contribución á autonomía e iniciativa persoal.

Céntrase no modo particular que proporciona esta materia para abordar os problemas tecnolóxicos, e será maior na medida en que, a metodoloxía empregada na aula, fomenta modos de enfrontarse a eles de maneira autónoma e creativa, incida na valoración reflexiva das diferentes alternativas e prepare para a análise previa das consecuencias das decisións que se toman no proceso.

As diferentes fases do proceso: a formulación adecuada dos problemas; a presentación de ideas que se analizan desde distintos puntos de vista; a elección da máis adecuada; a planificación e execución do proxecto; a avaliación do seu desenvolvemento e do obxectivo alcanzado; e, por último, a realización de propostas de mellora; todas elas contribúen ao desenvolvemento desta competencia, ofrecendo portunidades para o desenvolvemento de calidades persoais, como a iniciativa, o espírito de superación, a perseveranza fronte ás dificultades, a autonomía e a autocrítica, contribuíndo ao aumento da confianza en si mesmo e á mellora da súa autoestima.

Contribución á competencia no tratamento da información e da competencia dixital.

Contribuírase ao desenvolvemento desta competencia na medida na que as aprendizaxes asociadas incidan na confianza no uso dos ordenadores, nas destrezas básicas asociadas a un uso suficientemente autónomo destas tecnoloxías e, en definitivo contribúan a familiarizarse suficientemente con eles. En todo caso, están asociados ao seu desenvolvemento os contidos que permiten localizar, procesar, elaborar, almacenar e presentar información co uso da tecnoloxía. Por outra parte, debe destacarse, en relación co desenvolvemento desta competencia, a importancia do uso das tecnoloxías da información e da comunicación como ferramenta de simulación de procesos tecnolóxicos e para a adquisición de destrezas con linguaxes específicas como a icónica ou a gráfica.

Contribución á adquisición da competencia social e cidadá.

No que se refire ás habilidades para as relacións humanas e ao coñecemento da organización e funcionamento das sociedades, virá determinada polo modo no que se aborden os contidos, especialmente os asociados ao proceso de resolución de problemas tecnolóxicos, onde o alumnado ten múltiples ocasións para expresar e discutir adecuadamente ideas e razoamentos, escoitar ás outras persoas, abordar dificultades, xestionar conflitos e tomar decisións practicando o diálogo e a negociación, e adoptando actitudes de respecto e tolerancia cara ás súas compañeiras e aos seus compañeiros.

A contribución á competencia en comunicación lingüística.

Memoria de	Asignatura / módulo	Curso académico	Páxina 8 de 59
------------	---------------------	-----------------	----------------

Realízase a través da adquisición de vocabulario específico, que ten que utilizarse nos procesos de busca, análise, selección, resumo e comunicación de información. A lectura, interpretación e redacción de informes e documentos técnicos contribúe ao coñecemento e á capacidade de utilización de diferentes tipos de textos e das súas estruturas formais. O uso da lingua galega nun contexto tecnolóxico (léxico específico) estende o seu ámbito de aplicación facilitando a normalización da lingua no ámbito profesional. Contribúe así, a crear un espazo tecnolóxico lingüístico propio cuxa existencia, senón imprescindible é, cando menos, necesaria para o desenvolvemento tecnolóxico da comunidade autónoma.

Competencia de aprender a aprender.

Contribúese polo desenvolvemento de estratexias de resolución de problemas, reflexión sobre as relacións de causa-efecto, a contrastación nos procesos de experimentación e construción. O estudo metódico de obxectos, sistemas ou contornos axuda a desenvolver habilidades e estratexias cognitivas e promove actitudes e valores necesarios para a aprendizaxe.

Competencia cultural e artística.

Adquírese desenvolvendo a iniciativa, a imaxinación e a creatividade na resolución das necesidades sociais e permite unha mellor apreciación das manifestacións culturais que sempre incorporan elementos técnicos.

Obxectivos xerais do curso

- Comprender a función da tecnoloxía e a súa importancia no desenvolvemento da civilización.
- Resolver problemas sinxelos respectando as fases do proxecto tecnolóxico a partir da identificación de necesidades no entorno dos alumnos.
- Entender a relación entre o proceso tecnolóxico desenvolvido na aula e a realidade empresarial productiva.
- Analizar un obxecto tecnolóxico de modo ordenado, atendendo aos seus factores anatómicos, funcionais, tecnolóxicos e socioeconómicos
- Identificar os elementos que constitúen a arquitectura física do ordenador, así como o seu funcionamento e a súa función, a relación co resto de compoñentes e as formas de conectalos.
- Recoñecer os procesos lóxicos asociados ao funcionamento do ordenador e aplicar o coñecemento destes procesos para manipular o sistema, configuralo e realizar operacións de mantemento e actualización.
- Manexar ferramentas e aplicacións informáticas que permitan buscar, almacenar, organizar, manipular, recuperar e presentar información.
- Coñecer a estrutura básica e os compoñentes dunha rede de ordenadores.
- Asumir de forma crítica e activa o avance e a aparición de novas tecnoloxías, incorporándoas ao quefacer cotiá.
- Analizar e valorar crítica mente a influencia do desenvolvemento tecnolóxico na sociedade.
- Empregar o ordenador como ferramenta de traballo.
- Manexar programas que axuden a elaborar memorias técnicas: procesadores de textos, follas de cálculo e programas de debuxo vectorial e de presentacións.
- Intercambiar información entre varios programas para realizar presentacións e edicións finais de memorias técnicas.
- Coñecer os servizos que ofrece internet e as características de cada un deles como medio de transmitir a información.
- Asumir de forma crítica e activa o avance e a aparición de novas tecnoloxías, incorporándoas ao quefacer cotiá.
- Actuar de forma dialogante, flexible e responsable, na busca de solucións, na toma de decisións e na execución das tarefas encomendadas con actitude de respecto, cooperación, tolerancia e solidariedade.
- Coñecer a procedencia e obtención, clasificación, propiedades características e variedades dos plásticos como materiais técnicos máis empregados.
- Identificar os plásticos nas aplicacións técnicas máis usuais.
- Analizar e avaliar as propiedades que deben reunir os materiais plásticos, seleccionando os máis idóneos para construír un produto.
- Analizar as técnicas de conformación dos materiais plásticos e as súas aplicacións.
- Coñecer as técnicas de manipulación e unión dos materiais plásticos, e os criterios adecuados de seguridade.
- Valorar o impacto ambiental producido pola explotación, transformación e desfeito de materiais plásticos.

Memoria de	Asignatura / módulo	Curso académico	Páxina 9 de 59
------------	---------------------	-----------------	----------------

- Coñecer os beneficios da reciclaxe de materiais plásticos e adquirir hábitos de consumo que permitan o aforro de materias primas.
- Coñecer a obtención, clasificación e as propiedades características dos materiais téxtiles.
- Coñecer a obtención, clasificación, propiedades características e técnicas de conformación dos materiais de construción: pétreos e cerámicos.
- Expresar ideas técnicas a través de gráficos e debuxos, empregando códigos que aclaren e estructuren a información que se pretende transmitir.
- Manexar con soltura distintas formas de representación gráfica, empregando as máis adecuadas segundo as necesidades do proxecto técnico.
- Interpretar correctamente obxectos tecnolóxicos representados en distintos sistemas.
- Coñecer o modo normalizado de emprego de liñas e cotas para aplicalo ao deseño e comunicación de ideas na resolución de problemas técnicos.
- Valorar a importancia do debuxo técnico como medio de expresión e comunicación na área de tecnoloxías.
- Coñecer os mecanismos básicos de transmisión e transformación de movemento, así como as súas aplicacións.
- Identificar mecanismos simples en máquinas complexas e explicar o seu funcionamento no conxunto.
- Resolver problemas sinxelos e calcular a relación de transmisión nos casos que sexa posible.
- Deseñar e construír maquetas de mecanismos simples e conxuntos de mecanismos de transmisión e de transformación.
- Calcular as magnitudes eléctricas básicas, potencia e enerxía, en diferentes circuitos eléctricos.
- Coñecer as características da tensión alterna senoidal da rede eléctrica e compara las coas da tensión continua.
- Expresar e comunicar ideas e solucións técnicas relacionadas coa electricidade e a electrónica empregando a simboloxía e vocabulario adecuados.
- Coñecer os efectos aproveitables da electricidade e as formas de empregalos.
- Saber interpretar esquemas eléctricos e electrónicos e realizar montaxes a partir destes.
- Manexar correctamente un polímetro para realizar distintos tipos de medidas.
- Analizar, deseñar, elaborar e manipular de forma segura materiais, obxectos e circuitos eléctricos sinxelos.
- Coñecer e valorar criticamente as distintas formas de xeración de enerxía eléctrica.

Contidos (unidades didácticas) temporalizados por avaliacións

Bloque 1. Proceso de resolución de problemas tecnolóxicos.

A tecnoloxía como resposta ás necesidades humanas: fundamento do quefacer tecnolóxico. O proceso inventivo e de deseño.

Fases do proxecto tecnolóxico. Elaboración de ideas e procura de solucións. Distribución de tarefas e responsabilidades. Cooperación e traballo en equipo.

Realización de documentos técnicos. Deseño, planificación e construción de prototipos ou maquetas mediante o uso responsable de materiais, ferramentas e técnicas axeitadas.

Avaliación do proceso creativo, de deseño e construción. Análise e valoración das condicións do contorno de traballo.

Utilización de aplicacións informáticas para a resolución de problemas tecnolóxicos.

Exemplificación do proceso tecnolóxico na industria do contorno.

Esgotamento de recursos enerxéticos e materias primas. Consumo responsable e desenvolvemento sostible.

Bloque 2. Hardware e sistemas operativos.

Descrición da arquitectura, dos elementos dun ordenador e doutros dispositivos periféricos. Funcionamento, manexo e interconexión dos elementos dun ordenador.

Emprego do sistema operativo como interface persoa-máquina. Almacenamento, organización e recuperación da información en soportes físicos, locais e extraíbles.

Aceso a recursos compartidos en redes locais e posta a disposición destes.

Instalación de programas e realización de tarefas básicas de mantemento do sistema.

Bloque 3. Materiais de uso técnico.

Análise de materiais e técnicas básicas e industriais empregadas na construción e fabricación de obxectos.

Materiais naturais, transformados e sintéticos: madeira, metais, materiais plásticos, cerámicos e pétreos.

Propiedades e técnicas básicas de utilización.

Tratamento de residuos e impacto ambiental do proceso productivo. Uso de materiais comerciais e reciclados

Memoria de	Asignatura / módulo	Curso académico	Páxina 10 de 59
------------	---------------------	-----------------	-----------------

para a construción e fabricación de obxectos.

Emprego das ferramentas de forma axeitada e segura.

Bloque 4. Técnicas de expresión e comunicación.

Uso de instrumentos e técnicas de debuxo, así como de aplicacións de deseño gráfico por ordenador, para a realización de bosquexos e esbozos, empregando escalas, cotas e sistemas de representación normalizados.

Utilización de aplicacións informáticas de ofimática para a creación, edición, mellora e presentación dos documentos técnicos, e descripción da súa terminoloxía e dos seus procedementos básicos.

Coñecemento do linguaxe icónica como base para o dominio da expresión por medio da imaxe e asimilación das diversas técnicas cinematográficas: plano, universo filmico, movementos de cámara, panorámicas, trucos e recursos de cinema.

Bloque 5. Estructuras.

Descrición dos elementos dunha estrutura e dos esforzos aos que están sometidos. Análise da función que desempeñan os elementos na estrutura.

Deseño, planificación e construción das estruturas utilizando distintos tipos de apoio e triangulación.

Bloque 6. Máquinas e mecanismos.

Mecanismos de transmisión e transformación do movemento. Análise da súa función en máquinas. Relación de transmisión.

Descrición e funcionamento básico dos motores térmicos e eléctricos.

Deseño e construción das maquetas que inclúan mecanismos de transmisión e transformación do movemento.

Uso de simuladores para recrear a función dos operadores mecánicos no deseño de prototipos.

Bloque 7. Electricidade e electrónica.

Efectos de corrente eléctrica: luz, calor e electromagnetismo.

Circuíto eléctrico: elementos, funcionamento e simboloxía. Magnitudes eléctricas. Compoñentes e dispositivos básicos. Realización de medidas. Corrente continua e alterna.

Instalacións eléctricas nas vivendas. Potencia. Dispositivos de protección.

Valoración crítica dos efectos de uso da enerxía eléctrica sobre o ambiente: xeración e transporte de enerxía eléctrica. Emprego de enerxías renovables.

Deseño dos circuitos que cumpran unha función predeterminada, realización da montaxe, nas condicións de seguridade apropiadas e utilización de simuladores para a comprobación previa do seu funcionamento.

Valoración da importancia actual da electrónica e respecto polas normas de seguridade.

Bloque 8. Tecnoloxías da comunicación. Internet.

Sistemas de comunicación: telefonía, radio, televisión e redes de transmisión de datos.

Estructura e funcionamento da Internet. Dispositivos de comunicación. Servizos da internet.

Ferramentas e aplicacións básicas para a procura, descarga, intercambio e publicación da información.

Actitude crítica e responsable cara a propiedade intelectual e a distribución dos contidos e da información en xeral. Licenzas de uso e distribución de software.

Contidos mínimos esixibles

- Análise de obxectos
- Arquitectura e funcionamento dun ordenador. Identificación das partes dun ordenador e a súa función.
- Funcións do sistema operativo.
- Manexo de ferramentas informáticas para realizar traballos, memorias técnicas, etc.
- Plásticos. Obtención. Clasificación. Métodos de obtención. Propiedades.
- Selección e reutilización dos materiais plásticos e outros na fabricación de obxectos no taller.
- Materiais téxtiles e de construción: obtención, propiedades características.
- Representación das vistas dun obxecto. Representación en perspectiva.
- Emprego de escalas e acotamento normalizado nas representacións gráficas.
- Mecanismos de transmisión, transformación do movemento. Identificación e funcionamento.
- Lei da panca, momentos e relación de transmisión.
- Emprego de mecanismos simples na elaboración de proxectos no taller.
- O circuíto eléctrico: voltaxe intensidade e resistencia. Potencia e enerxía eléctrica.
- Resolución de circuitos sinxelos. Asociación de resistencias : serie, paralelo, mixto
- Uso do polímetro

Metodoloxía didáctica

Ao principio de cada unidade o profesor suscitará unha serie de preguntas unidas a unha motivadora ilustración que sirva de axuda para traballar os preconceptos do alumno sobre os contidos da mesma.

É importante que o profesorado de Tecnoloxía incorpore, á súa metodoloxía, a investigación sobre as ideas xa establecidas e asimiladas polo alumnado para avanzar na consolidación dos novos contidos, neste sentido cada

Memoria de	Asignatura / módulo	Curso académico	Páxina 11 de 59
------------	---------------------	-----------------	-----------------

unidade á hora de introducir novos conceptos apóiase en dous recursos con características propias. Reflexiona, onde se fan preguntas que motiven e incidan na necesidade de comprender parte da realidade e Para practicar, dun carácter máis manipulativo, a partir dunha pequena proposta para realizar en clase co fin de comprender e asimilar o significado dalgúns fenómenos facilmente observables.

Dentro do apartado de actividades é necesario que a formulación sexa, á vez que innovador, un reflexo dos contidos traballados e que estean agrupados por orde de complexidade atendendo aos diversos intereses do alumnado; neste sentido cada unidade, abarca todo tipo de actividades desde experimentos sinxelos, Para practicar, cuestións de razoamento, de relación de contidos, de sínteses...

É importante destacar que a área de Tecnoloxía incide de forma contundente na adecuación das actividades cos contidos desenvolvidos, desta forma o alumno comprende e interioriza o traballo do aula. Traballarase con diversas fontes de información, podemos atopar documentos de revistas especializadas, prensa diaria, bibliografía, páxinas Web, de forma que o profesor decide entre os materiais máis adecuados para cada estilo de aprendizaxe da súa alumnado.

É un feito que a consolidación dos contidos é un paso fundamental no proceso de aprendizaxe, por iso cada unidade completárase cun resumo, Ideas claras, no que se enumeran os contidos básicos tratados na unidade relacionados cun mapa conceptual. Cabo destacar que as actividades do final da unidade tratan de consolidar as aprendizaxes, cuestionando os coñecementos previos do alumno e adaptándoos a situacións concretas da vida

Procedementos de avaliación

Os principais instrumentos que vai utilizar o docente para avaliar o proceso de ensino-aprendizaxe son os seguintes:

- Actitude do alumnado no aula.
- Exercicios e cuestións propostas ao final de cada unidade.
- Experiencias e proxectos técnicos.
- Traballos de investigación individual sobre un tema relacionado cos contidos que se traten no proxecto.
- Probas escritas onde o alumnado reflectirá os contidos de tipo conceptual adquiridos. En cada avaliación procurarase realizar 2 probas e calcularase a nota media entre ambas a condición de que o alumnado obteña unha nota igual ou superior a 4 puntos. Aqueles alumnos que non alcancen unha nota mínima de 5 poderán realizar unha recuperación da parte ou partes suspensas ao término de cada avaliación. Tamén haberá exames de recuperación en xuño e Setembro.

Para o cálculo da nota numérica que asignará a cada alumno teranse en conta os seguintes aspectos:

- Caderno de clase e actividades individuais: 5 %
- Traballo de investigación: 5 %
- Proxecto: 40 %. Para determinar a cualificación do proxecto terase en conta o seguinte: Memoria representará un 20%, construción valorarase un 15%, exposición e interese polo traballo un 5%. Este reparto da nota entre as diferentes fases do proxecto será flexible; por exemplo non se valorará a construción se non hai un traballo de deseño previo.
- Proba escrita: 40%
- Asistencia, puntualidade e comportamento: 10 %

Si por algunha circunstancia nalgunha avaliación non se realizase proxecto esta porcentaxe sumarase á nota de exame. Si se substitúe o proxecto por traballos prácticos no taller, exposicións, boletíns, etc. estimarase un porcentaxe non superior ó 40% que correspondía ó proxecto e que será función do número de traballos, e tempo dedicado ós mesmos.

Actividades de recuperación e reforzo para alumnos/as coa materia ou módulo pendente

Para a recuperación de materias pendentes levaranse a cabo varias actuacións:

1. A principios do mes de Outubro convocarase a todo o alumnado con materias pendentes a unha reunión que se celebrará no taller de tecnoloxía nun recreo. Nesta reunión informarase ó alumnado das vías de recuperación da materia, que a continuación se expoñen.

- Vía 1: Entregaranse a tódolos alumnos un boletín de exercicios que deberán realizar para poder presentarse ós exames parciais da materia. Realizaranse dous exames parciais.
- Vía 2: A disposición dos alumnos as profesoras destinarán dous recreos cada semana. -Aqueles

Memoria de	Asignatura / módulo	Curso académico	Páxina 12 de 59
------------	---------------------	-----------------	-----------------

alumnos que asistan de xeito habitual (non faltar máis do 20% de clases) e realicen os traballos nestas clases de xeito satisfactorio aprobarán a materia. De non ser así deberán presentarse ó exame parcial correspondente.

Vía 3: Aqueles alumnos que non entreguen os traballos e/ou non se presenten ós exames parciais poderán recuperar a materia nun exame final ó cal tamén poderán presentarse aqueles alumnos que non superaran un ou os dous exames parciais.

2. Como xa se comentou os profesores de tecnoloxía dedicaranlle cada semana tempo a aclarar dúbidas, explicación, corrección de exercicios e orientación ós alumnos con pendentes.

3. Os titores de cada grupo serán informados de todas estas actuacións a través dunha carta, para o seu coñecemento, e se o consideran oportuno, para que remitan ós pais dos alumnos e así estean informados

Materiais e recursos didácticos

O profesor traballará co libro de texto indicado. Loxicamente o simple manexo do libro de texto non será suficiente no proceso de ensinanza-aprendizaxe, a labor do profesor será fundamental xa que introducirá ó alumno nos novos coñecementos que se plantexan en cada unidade, complementará as explicacións do manual a través de lectura de textos adecuados en cada caso, elaborará esquemas, actuará como moderador nos debates que se organicen, planteará todo tipo de actividades....

Aula de taller dotada de ferramentas e máquinas adecuadas.

Aula de informática (máximo 2 alumnos por ordenador).

Materiais, instrumentos de medida.

Manexo de la bibliografía adecuada para os contidos da materia.

Medios audiovisuais: televisión, vídeo e retroproxeccionador para transparencias.

Lectura de revistas especializadas.

Consultar información tecnolóxica dispoñible a través de Internet.

Temas transversais

Ademais de coidar escurpulosamente o uso da linguaxe e de revisar cuidadosamente os textos e ilustracións para que non conteñan elemento algún que poida atentar contra a igualdade, a tolerancia ou calquera dos dereitos humanos, o proxecto suscita directamente aqueles temas transversais aos que os contidos desenvolvidos préstanse especialmente.

- Educación moral e cívica

A tecnoloxía é un dos trazos que en maior medida definen a unha civilización. Na actualidade, as diferenzas tecnolóxicas crean unha enorme distancia entre uns países e outros pois a realidade é que só as sociedades avanzadas son beneficiarias da maior parte dos descubrimentos. Ponse especial atención á utilización de internet para intercambiar opinións fomentando o respecto cara a outras culturas. Así mesmo explícase como os sistemas de comunicación actuais permiten coñecer con facilidade as características doutras culturas.

- Educación para a saúde

Ponse especial énfasis nas normas de seguridade que se deben seguir ao utilizar distintas ferramentas de traballo. Revisar tamén as medidas de precaución xerais para o traballo con aparellos eléctricos. Tamén é importante concienciar aos alumnos para que desenvolvan hábitos saudables cando traballan con ordenadores. Isto mesmo é aplicable aos televisores ou videoconsolas.

- Educación do consumidor

Aprender a consumir é un aspecto esencial. Estúdase o consumo nas instalacións técnicas dunha vivenda. Así mesmo o problema da piratería é un dos maiores conflitos no mundo da informática. Ademais Internet foise convertendo nun mercado no que é fácil conseguir artigos moi variados co consiguiente problema do tránsito de datos bancarios ou tarxetas de crédito na rede.

- Educación ambiental

Se fomentan actitudes de coidado, protección e respecto polo ecosistema a través das actividades no medio natural. Ademais discútense sobre o uso de materiais naturais ou transformados. Explicarlle como o impacto da industria sobre o medio ambiente pódese reducir facendo un uso adecuado dos recursos e trabállase o tema do reciclado así como a redución do gasto enerxético.

Memoria de	Asignatura / módulo	Curso académico	Páxina 13 de 59
------------	---------------------	-----------------	-----------------

Actividades complementarias e extraescolares previstas

Saídas ou excursions a empresas dedicadas á actividade industrial

Medidas de atención á diversidade

Son varios os recursos empregados para atender á diversidade do alumnado que segue o curso Tecnoloxía, entre eles cabe resaltar:

- Realización dun elevado número de actividades de carácter aberto, en moitos casos de tipo individual e, noutros, en equipo, no que o alumnado ten que buscar e seleccionar información. Todo iso lévase a cabo a través das actividades propostas ao final de cada bloque, nas que os alumnos poderán aplicar os seus coñecementos, discutir sobre temas relacionados co tema e realizar actividades prácticas no taller.
- Integración de alumnos/as, con necesidades educativas especiais en grupos de traballo mixtos e diversos, con obxecto de que en ningún momento poidanse sentir discriminados, ao mesmo tempo que o profesor procurará fornecerlles o apoio que demanden así como o estímulo que considere oportuno con obxecto de reforzar esa integración.
- A través da lectura de material complementario (libros de divulgación científica sobre o tema tratado, documentación técnica, folletos, catálogos.. etc.) que se atope na biblioteca.
- A realización de actividades complementarias, entre as que se inclúen visitas a fabricas do entorno do centro escolar, que van reforzar a aprendizaxe dos contidos.
- Adaptación da programación, delimitando aqueles contidos que sexan imprescindibles, así como aqueles que contribúan ao desenvolvemento de capacidades xerais.

Emprego das TIC

As aprendizaxes asociadas incidirán na confianza no uso dos ordenadores, nas destrezas básicas asociadas a un uso suficientemente autónomo destas tecnoloxías e, en definitivo contribúan a familiarizarse suficientemente con eles. En todo caso, están asociadas ao seu desenvolvemento os contidos que permiten localizar, procesar, elaborar, almacenar e presentar información co uso da tecnoloxía. Por outra parte, debe destacarse, en relación co desenvolvemento das Tecnoloxías, a importancia do uso das tecnoloxías da información e da comunicación como ferramenta de simulación de procesos tecnolóxicos e para a adquisición de destrezas con linguaxes específicas como a icónica ou a gráfica.

Proxecto Lector

Trataráse de que o alumno manexe e interprete documentación técnica sobre os contidos do programa.

ACTIVIDADES REALIZADAS NA PRÁCTICA ACADÉMICA

- O profesorado deste departamento, tendo en conta a necesidade do alumno de perfeccionar a comunicación lingüística, recorre a lectura dos exercicios e proxectos técnicos na clase. Procurando con isto a adquisición dun vocabulario específico que se empregará a cotío nos procesos de búsqueda, análise, escolma, resumo e comunicación da información.
- Foméntase a lectura comprensiva e interpretativa no alumno, por medio da exposición na clase do proxecto técnico. A realización do mesmo require da consulta de textos informativos, manuais, normas técnicas e demais medios a disposición do alumno.

Memoria de	Asignatura / módulo	Curso académico	Páxina 14 de 59
------------	---------------------	-----------------	-----------------

3º ESO (optativa)

ASIGNATURA/MÓDULO		Cód.	
CURSO E GRUPO			
PROFESOR/A (ES/AS)			
LIBRO DE TEXTO Data de Autorización	Editorial	Autor	

Obxectivos xerais do curso

Contidos (unidades didácticas) temporalizados por avaliacións

Contidos mínimos esixibles

Memoria de	Asignatura / módulo	Curso académico	Páxina 15 de 59
------------	---------------------	-----------------	-----------------

Metodoloxía didáctica

Procedementos de avaliación

Actividades de recuperación e reforzo para alumnos/as coa materia ou módulo pendente

Materiais e recursos didácticos

Temas transversais

Actividades complementarias e extraescolares previstas

Medidas de atención á diversidade

Memoria de	Asignatura / módulo	Curso académico	Páxina 16 de 59
------------	---------------------	-----------------	-----------------

Observacións ou outras consideracións

NORMAS XERAIS PARA A ASIGNATURA DE TECNOLOXIA.

A continuación indican-se unhas normas de carácter xeral aplicabeis a calquera dos cursos nos que se imparte a asignatura. Estas normas serán postas en coñecemento dos alumnos/as ao principio do presente curso.

- 1.- Non se poderá mastigar chicle durante a clase, xa sexa ésta na aula ou no taller.
- 2.- Calquera alumno/a que ao longo da avaliación fose amonestado por escrito poderá suspender (segundo criterio do profesor) dita avaliación.
- 3.- Os traballos que se realicen ao longo do curso terán que ser entregados na data establecida, non sendo recollidos e polo tanto, calificados con un 0, os traballos entregados en datas posteriores.
- 4.- Serán consideradas como faltas obxecto de amonestación as seguintes:
 - Falta de respecto do alumno/a, entendendo-se como tal a insultos, burlas, etc..., cara o profesor ou calquera dos seus compañeiros/as.
 - O amolar ao profesor ou calquera dos compañeiros/as ao longo dunha explicación.
 - A reiteración na falta de puntualidade á hora de entrar na aula ou taller.
 - O causar de forma intencionada danos no material do aula ou o taller.
 - O pór en perigo aos demais compañeiros/as por un uso irresponsábel de máquinas e ferramentas no taller de tecnoloxía.
 - O desobedecer directamente ao profesor.
 - Abandonar o aula ou o taller sen permiso.
 - O non guardar ordenadamente o equipo unha vez utilizado.
- 5.- As datas das probas escritas serán establecidas con unha antelación mínima de dúas semanas, o delegado/a en colaboración co profesor marcarán as datas para ditas probas.
- 6.- As probas escritas terán que presentar-se con letra clara, limpas e sen faltas. O profesor poderá non corrixir ditas probas (e portanto calificarlas con 0) se considera que o número de faltas e a presentación non son as que corresponden a alumnos/as dese nivel.
- 7.- Cada grupo será responsábel do material que ten asignado polo que responderá da súa conservación e cuidado.
- 8.- Non se permitirá o ter o teléfono móbil aceso no aula ou no taller. A calquera alumno/a que contraveña o anterior se lle retirará o aparello até que algun dos seus pais ou tutores veñan a recollé-lo persoalmente ao Centro.

Memoria de	Asignatura / módulo	Curso académico	Páxina 59 de 59
------------	---------------------	-----------------	-----------------